



## Concello do Grove

---

### **BASES DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPSIÓN LIBRE, DE 7 SANITARIOS/AS PARA PRAIAS TEMPADA ESTIVAL 2019 E FORMACIÓN DE LISTA DE RESERVA**

#### **PRIMEIRA. Obxecto**

O obxecto das presentes bases é a convocatoria de selección, mediante concurso-oposición libre, e posterior formación dunha lista de reserva de **7 postos de sanitarios/as para praias**, para a tempada estival 2019.

#### **FUNCIÓNS:**

1. Proporcionar atención básica aos/as usuarios/as da praia.
2. Atender as necesidades de socorrismo en praias.
3. Efectuar calquera outra tarefa propia da súa categoría que lle sexa encomendada e para a que foi previamente instruído/a.

#### **SEGUNDA. Requisitos das persoas aspirantes**

De conformidade co artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, e 50 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, para poder participar nos procesos selectivos será necesario:

- a) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; con todo, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuír o permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- b) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- c) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- d) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade e

---

## Concello do Grove



## Concello do Grove

---

incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

f) Posuír calquera das seguintes titulacións:

- Certificado de profesionalidade sociosanitario.
- TSAFD.
- Ciclo de técnico sanitario.
- Ciclo medio de aux. de enfermería ou superior.
- Grao en enfermería ou medicina.

g) Posuír un curso de primeiros auxilios de 40 horas ou máis.

As persoas aspirantes deberán dispoñer das condicións establecidas no presente artigo antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes. Así mesmo, no momento de contestación á oferta de chamamento, as persoas aspirantes deberán dispoñer das citadas condicións e acreditalas. O non cumprimento será motivo de exclusión do/a aspirante.

Aquel/a aspirante que supere as probas de selección quedará sometido/a ao réxime de incompatibilidade establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, e demais normativa de desenvolvemento.

### **TERCEIRA. Duración e tipo de contrato**

A contratación do persoal laboral temporal procede para atender a necesidade de cobertura do posto, RD 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.

O carácter do contrato é laboral temporal por obra ou servizo determinado cunha duración de **2 meses**.

A xornada de traballo será de trinta e sete horas e media semanais. O contrato de traballo será a xornada completa (100% da xornada de traballo), con distribución das xornadas segundo as necesidades do servizo.

### **CUARTA. Retribucións**

As retribucións salariais serán as incluídas na táboa salarial do Concello do Grove para este posto.

### **QUINTA. Presentación de solicitudes**

As solicitudes que requiran tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que



## Concello do Grove

---

as persoas aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases do posto ao que se opta, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello do Grove, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello do Grove, en horario de 9.00 a 14.00 horas, ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, debendo comunicalo á administración a través do correo electrónico: [rexistro@concellodogrove.es](mailto:rexistro@concellodogrove.es) ou no número de fax 986 731 510. A non presentación da solicitude ou a non comunicación no tempo e na forma establecidos suporá a exclusión da persoa aspirante.

O impreso de solicitude axustarase ao modelo que figura no Anexo I. Coa solicitude acompañarase a seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte en vigor. As persoas aspirantes que non posúan nacionalidade española ou comunitaria presentarán o NIE, permiso de residencia e traballo en orixinal ou fotocopia compulsada.

b) Currículo do/a aspirante.

c) Copia compulsada da titulación requirida.

d) Documentación compulsada acreditativa dos méritos alegados para a fase de concurso.

e) Fotocopia do certificado de coñecemento de lingua galega (Celga 3 ou certificado de validación das materias de lingua galega, de acordo co previsto na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega). As persoas aspirantes que non presenten esta acreditación deberán realizar a proba de lingua galega prevista na fase de oposición.

A convocatoria coas súas bases íntegras publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello así como na páxina web [www.concellodogrove.es](http://www.concellodogrove.es).

O prazo de presentación de solicitudes será de **10 días naturais**, que comezarán a contar a desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP de Pontevedra.

### **SEXTA. Admisión de aspirantes**

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía, aprobará a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas que se exporá no taboleiro de anuncios deste Concello e da páxina web municipal: [www.concellodogrove.es](http://www.concellodogrove.es), con indicación, se é o caso, do prazo de emenda de **3 días naturais**, con apercibimento de que, se non a fíxese, se arquivará sen máis trámite con efectos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de



## Concello do Grove

---

outubro, do procedemento administrativo común e das administracións públicas.

Transcorrido o prazo de emenda, a Alcaldía aprobará a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, así como na súa páxina web.

### **SÉTIMA. Tribunal de selección**

O órgano de selección será designado polo órgano municipal competente xunto ca aprobación definitiva da lista de admitidos e excluídos e estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais, cuxa composición se aprobará por Decreto de Alcaldía.

Todos os membros do tribunal deberán ser funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo que posúan unha titulación igual ou superior á requirida na praza/posto de traballo obxecto da convocatoria.

Para a válida constitución do tribunal, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza da metade, polo menos, dos seus membros titulares, e obrigatoriamente do/a presidente/a e do/a secretario/a. As decisións adoptaranse pola maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a do tribunal.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, e as persoas aspirantes poderán recusalos cando coincidan as circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O órgano de selección resolverá todas as cuestións derivadas da aplicación das bases durante o desenvolvemento do proceso selectivo.

### **OITAVA. Sistema de selección**

Entre as persoas candidatas realizarase a selección dos/as aspirantes mediante concurso-oposición a través da observación documental cos indicadores e dimensións a valorar, e unha proba práctica na que se valorarán as habilidades e a capacitación das persoas aspirantes para o desenvolvemento adecuado do posto.

### **1ª. FASE DE CONCURSO**

A puntuación máxima da fase de concurso será de **10 puntos**.

### **Puntuacións por titulación académica**



## Concello do Grove

TITULACIONES OU CURSOS	PUNTOS
Grao en Enfermería ou Medicina	2
CM de Auxiliar de enfermería ou equivalente	1
Título TSAFDA	1,5
Curso Prevención de riscos laborais – Mínimo 50 horas	1

### Puntuacións por experiencia profesional

EXPERIENCIA	Puntuación máxima
Por cada contrato de salvamento en praias, socorrista acuático, patrón, enfermeiro/a, técnico/a sanitario/a, auxiliar de clínica, etc...: 0,5 puntos por mes traballado	4,50 puntos

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación pola persoa solicitante do orixinal ou a copia cotexada de documentos xustificativos: vida laboral e contratos de traballo, certificados de empresa ou certificados de servizos prestados, sempre que teñan relación directa coas funcións propias do posto de traballo.

## 2ª. FASE DE OPOSICIÓN

### PROBA FÍSICA

Consistirá na realización da seguinte proba:

Os/as aspirantes, serán citados/as na praia da Lanzada, para realizar a seguinte proba:

- Portando unha mochila sanitaria de 5 Kg. deberán percorrer 600 metros pola area na zona designada polo Tribunal.

O Tribunal antes do inicio do exercicio estipulará os tempos requeridos e o tempo máximo establecido en función das circunstancias metereolóxicas aplicando as puntuacións da proba para mulleres e homes.

O/a aspirante que faga o exercicio no menor tempo, terá unha puntuación **máxima de 10 puntos**, e aos seguintes descontaráselle por cada 10 segundos de diferenza 0,5 puntos.

Para as mulleres a puntuación comenza co tempo do primeiro clasificado masculino máis un 20%.

No caso de que algún/algunha aspirante presente fortes signos de esgotamento ou

## Concello do Grove



## Concello do Grove

---

faga paradas constantes durante a proba, o Tribunal poderá tomar a decisión de retiralo/a, polo tanto non será apto/a para seguir no proceso selectivo.

A data de celebración da proba física será establecida por decreto de Alcaldía xunto ca aprobación definitiva da lista de admitidos e excluídos.

### **PROBA DE GALEGO**

No caso de que o/a aspirante non posúa o certificado de lingua galega nivel 3 (Celga 3) ou a súa validación correspondente, e sempre que superase o proceso selectivo, terá que superar unha proba de galego (oral ou escrita) coa cualificación de apto/a. As persoas aspirantes que acrediten posuír, no prazo de presentación de solicitudes, o certificado de lingua galega nivel 3 (Celga 3) ou a súa validación correspondente estarán exentas de realizar esta proba de galego.

### **NOVENA. Puntuación e proposta de contratación**

Unha vez rematadas as probas, baremaranse os resultados obtidos na fase de concurso e na fase de oposición para seleccionar, con toda a información recollida, os/as candidatos/as que mellor se adecúen ao posto de traballo ao que optan. Serán seleccionados/as os/as que obteñan maior puntuación.

No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase por aquel que alcanzase unha maior puntuación nas probas físicas, seguidamente no concurso de méritos e de persistir o empate, será por sorteo.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal o resultado da selección e a orde dos/as aspirantes de acordo coa puntuación, elevando a proposta de contratación ao órgano de contratación.

### **DÉCIMA. Lista de reserva**

Rematado o proceso selectivo elaborárase unha lista de reserva cos/as aspirantes que, superaron o concurso-oposición, pero non resultaron seleccionados/as, baseándose na puntuación final obtida e por orde decrecente.

Esta lista empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade e a súa vixencia será ata o remate do servizo.

O chamamento farase sempre, respetando a orde de puntuación dos/as integrantes da lista.

Este chamamento farase vía telefónica, mensaxe telefónico ou por escrito, de forma que quede constancia do chamamento. No caso de non formalizar o contrato nun

---

## Concello do Grove



## Concello do Grove

---

prazo máximo de DOUS DÍAS HÁBILES, decaerá no seu dereito e procederase a convocar ao seguinte candidato/a.

### **DÉCIMO PRIMEIRA. Presentación de documentos e contratación**

Os/as aspirantes seleccionados/as e propostos/as polo Tribunal deberán presentar a documentación acreditativa do cumprimento das condicións e requisitos esixidos, no prazo de cinco días hábiles, acompañada de:

a) Declaración xurada de que segue reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos e acreditados no momento de terse presentado ó proceso selectivo, así como de non estar separado anteriormente do servizo das administracións públicas e non estar incurso incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

b) Número da Seguridade Social e número de conta bancaria.

No caso de renuncia ou de que no prazo indicado e, salvo circunstancias de forza maior, os/as aspirantes non presentasen a documentación esixida ou se comprobase que non reúnen os requisitos esixidos, non poderán ser contratados/as e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades a que houber lugar. Neste caso, a Alcaldía poderá acordar a contratación dos/as aspirantes seguintes na bolsa de emprego que obtivesen as seguintes mellores puntuacións totais, que deberán presentar, en tal caso, a documentación antes sinalada.

Os/as aspirantes propostos/as e contratados/as comezarán a prestar servizo na data que lle indique o Xefe do servizo.

### **DÉCIMO SEGUNDA. Protección de datos**

As persoas aspirantes, mediante participación no referido proceso, dan o seu consentimento para que a Administración actuante proceda ao tratamento dos seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, conforme a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado polo departamento de persoal do Concello do Grove, con sede na praza do Corgo, 1, 36980 O Grove (Pontevedra), onde poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.

### **DÉCIMO TERCEIRA. Incidencias**

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación destas.

---

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



## Concello do Grove

---

### **DÉCIMO CUARTA. Recursos**

As presentes bases e a convocatoria poderanse impugnar consonte o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e coa resolución do contrato laboral será a xurisdición social.

Segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición contra a convocatoria e as súas bases (que esgotan a vía administrativa) ante a Alcaldía, no prazo de 1 mes. Despois de presentar este recurso, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

### **DÉCIMO QUINTA. Dereito supletorio.**

No non previsto nas bases, aplicarase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; o Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o Convenio colectivo do persoal do Concello (de ser o caso).

O Grove, data e sinatura dixital

O Alcalde

O Secretario acumulado

José A. Cacabelos Rico

Daniel Angel Lamas Bello





## Concello do Grove

---

### ANEXO I - MODELO DE INSTANCIA SANITARIOS/AS PARA PRAIAS

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, co DNI núm., \_\_\_\_\_, con domicilio en  
\_\_\_\_\_ do termo municipal de  
\_\_\_\_\_, código postal \_\_\_\_\_ e teléfono de contacto \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, correo electrónico \_\_\_\_\_.

#### EXPOÑO:

Que informado/a da próxima contratación laboral temporal e formación dunha bolsa de sanitarios/as para praias para a tempada estival 2019 e, cumprindo cos seguintes requisitos, esixidos na convocatoria, dos que xunto copia compulsada:

- DNI ou documento identificativo correspondente.
- Currículum vitae.
- Titulación académica relacionada co posto.
- Celga 3 ou superior ou certificado equivalente.

Ademáis, xunto a seguinte documentación de acordo co baremo de méritos, debidamente compulsada:

---

---

---

---

---

---

---

SOLICITO: Ser admitido/a no proceso selectivo para optar a unha praza.

O Grove, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019

Asdo. \_\_\_\_\_ -

**Sr. Alcalde-Presidente do Concello de O Grove**

---

**Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358